

ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE DO PLENO DE 29 DE MAIO DE 2008

No salón de sesións da Casa do Concello de Bergondo, a vinte e nove de maio de dous mil oito, sendo as vintedúas horas, ten lugar a sesión extraordinaria urxente do Pleno municipal, presidida pola alcaldesa accidental, D.^a Alejandra Pérez Máquez, do grupo socialista, con asistencia dos/as señores/as concelleiros/as:

Grupo do Partido Socialista:

D. José M. Francisco Mata Buyo
D. Jesús Vázquez García
D. Francisco Javier Santos Maseda
D.^a M.^a Begoña Calviño Dorado

Grupo municipal do Partido Popular:

D. José Eduardo Zapata Roel
D.^a Silvia María Vázquez Cardelle
D. José Luis Dans Medín

Grupo municipal Veciños de Bergondo:

D. Francisco Manuel Fafián Torreiro
D.^a María del Loreto Caseiras Arroyo

Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego:

D. Manuel Parga Fernández
D. Antón Sánchez García

Así mesmo asisten:

A interventora municipal: D.^a Laura Gutierrez Ortiz
A secretaria xeral: M.^a de las Mercedes Fernández González

ORDE DO DÍA

- 1.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA CONVOCATORIA DA SESIÓN.
- 2.- TOMA DE POSESIÓN COMO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdG-PSOE, DE D. DOMINGO FUENTES ROCHA.
- 3.- ELECCIÓN DO ALCALDE/SA DO CONCELLO DE BERGONDO.

1.- PRONUNCIAMENTO DO PLENO SOBRE A URXENCIA DA SESIÓN.

Pleno urxente: 29/05/2008

A continuación a Sra. secretaria, por orde da Sra. alcaldesa accidental da conta de que a urxencia desta convocatoria fundaméntase no prazo perentorio de dez días seguintes, contados a partir do falecemento do titular da alcaldía, de acordo co disposto no artigo 40.5 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e demais lexislación vixente na materia.

En base ao exposto, propónse ao Pleno municipal a adopción do seguinte acordo:

.- Ratificar a urxencia da convocatoria da sesión.

Enterados/as os/as asistentes, e sometida a votación a urxencia desta convocatoria, apróbase por unanimidade dos concelleiros asistentes, que forman a totalidade da Corporación; por conseguinte, a alcaldesa accidental declara aprobada a urxencia da convocatoria desta sesión..

2.- TOMA DE POSESIÓN COMO CONCELEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDG-PSOE, DE D. DOMINGO FUENTES ROCHA

A Xunta Electoral Central remitiu a este Concello a credencial designando concelleiro desta Corporación a D. Domingo Fuentes Rocha, quen presentou a documentación requirida previamente á toma de posesión dese cargo, segundo o previsto nos arts. 75 da Lei 7/85, de 2 de abril, pola que se regulan as Bases do Réxime Local e 30 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

A continuación a Sra. alcaldesa accidental procede a dar lectura á fórmula legal de xuramento ou promesa que establece o Real Decreto 707/1979, de 5 de abril, do seguinte teor literal:

“Xurades ou prometedes pola vosa conciencia e honor, cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro con lealdade ó Rei, e gardar e facer garda-la Constitución como Norma Fundamental do Estado”

O Sr. Fuentes Rocha manifesta que promete a fórmula antes transcrita.

A Sra. alcaldesa accidental, dálle a benvida de novo a esta Corporación.

O Sr. concelleiro pasa a ocupar o seu lugar no Salón de sesións, e di: grazas ao público e á Corporación polo recibimento, e manifestar que aínda que este é un acto que debería ser de alegría, convertese en tristeza polo motivo que nos reúne hoxe aquí; de todos modos, grazas a todos.

3.- ELECCIÓN DO ALCALDE/SA DO CONCELLO DE BERGONDO.

Por orde da Sra. alcaldesa accidental, a secretaria xeral informa que a continuación vaise a proceder á elección do alcalde ou alcaldesa do Concello de Bergondo, de conformidade co previsto no artigo 196 da Lei orgánica 5/1985 de Réxime electoral xeral que establece: “poden ser candidatos/as tódolos concelleiros/as que encabecen as correspondentes listas e se algún deles obtén a maioría absoluta legal dos votos dos concelleiros/as será proclamado alcalde ou alcaldesa electo; se ningún deles obtén a maioría absoluta será proclamado alcalde o concelleiro que encabece a lista que houbera obtido maior número de votos populares”.

De conformidade co establecido no artigo 101 e 102 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais realizarase a votación para a elección de alcalde.

Procedese á constitución da Mesa, que para este caso formárase pola alcaldesa accidental e a secretaria da Corporación.

Toma a palabra a alcaldesa accidental e di: tendo en conta a normativa aplicable pregunto, ¿que concelleiros dos que encabezan as distintas listas presentan a súa candidatura ao cargo de alcalde ou alcaldesa?; eu manifesto que como cabeza de lista do grupo do partido socialista que me presento ao cargo de alcaldesa.

D. José Eduardo Zapata Roel ¿si ou non?.

Sr. Zapata Roel: renunciar a la candidatura por el grupo del Partido Popular, e propiciar así a elección do candidato da lista mais votada, que é o criterio do partido.

Sr. alcaldesa accidental: D. Francisco Manuel Fafián Torreiro ¿si ou non?

Sr. Fafián Torreiro: non

Sr. alcaldesa accidental: D. Manuel Parga Fernández ¿si ou non?

Sr. Parga Fernández: non

Sra. alcaldesa accidental: oídas as respostas proclámase candidato a alcalde ou alcaldesa do Concello de Bergondo, a D.^a Alejandra Pérez Máquez.

A continuación concluídas as intervencións, procédese á votación o Pleno decide que a votación sexa ordinaria, a man alzada.

A continuación procedese á **votación** para a elección da alcaldesa, que tivo o seguinte resultado:

Grupo municipal Socialista: seis (6) votos a favor; Grupo municipal do Partido Popular: tres (3) abstencións; Grupo municipal Veciños de Bergondo: dúas (2) abstencións; Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego: dúas (2) abstencións.

Logo do resultado da votación a Mesa presidencial proclama alcaldesa do Concello de Bergondo á candidata da lista electoral do PSdG-PSOE, D.^a Alejandra Pérez Máquez,

por non obter ningún dos candidatos a maioría absoluta legal, e corresponder a alcaldía á lista que obtivo maior número de votos

A continuación procedese á toma de posesión da Sra. alcaldesa, Alejandra Pérez Máquez..

A Secretaria di: solicito a D.^a Alejandra Pérez Máquez, proclamada alcaldesa electa, manifeste se acepta o cargo de alcaldesa do Concello de Bergondo. A alcaldesa electa manifesta a súa aceptación e promete o seu cargo de acordo coa formula establecida no Decreto 707/1979.

A Sra. Secretaria manifesta: cumprimentada a promesa de acatamento á Constitución, queda vostede en posesión do cargo de alcaldesa do Concello de Bergondo, polo que lle corresponde asumir a Presidencia desta sesión constitutiva, entregándolle o bastón de mando como símbolo das atribucións propias do cargo.

A continuación toma a palabra a alcaldesa, D.^a Alejandra Pérez Máquez, e di: dicir que o bastón de mando non o temos, xa que por desexo expreso do grupo municipal de goberno entregóuselle á viúva do anterior alcalde falecido; de todos modos tomo posesión.

Sra. secretaria, Sra. interventora, Sres. concelleiros, veciños e veciñas, nun momento como este unha debería comezar dando as grazas polos resultados electorais, dando as grazas aos veciños e veciñas de Bergondo pola confianza depositada en nós, pero as circunstancias que hoxe nos traen aquí non son as habituais.

As eleccións celebráronse hai un ano, e os veciños lle deron esa confianza sobre todo a unha persoa, a Pepín, porque debemos ter presente que nos concellos, sobre todo das características do noso, se vota aos partidos, pero tamén se vota ás persoas, por iso son totalmente consciente de que ocupo este posto hoxe dun xeito non natural, que non fun elixida polos veciños e as veciñas, pero que dadas as circunstancias asumo o cargo coa dignidade que merece, e sobre todo coa responsabilidade que penso debo asumir co resto dos meus compañeiros, con responsabilidade e coa ilusión que sempre debemos ter os que gozamos desta confianza, continuando co traballo que comezou xa hai nove anos.

Sabemos de firme que podemos contar co esforzo e profesionalidade dos empregados municipais, e agradecemosllo profundamente.

Como dicíamos un ano atrás, este non é un proxecto excluinte, xa que creemos que Bergondo merece que todos traballemos en prol de conseguir o mellor para o noso concello, o mellor para os nosos veciños e veciñas. Hoxe mais que nunca cobran sentido as verbas de Pepín, repetidas hai unha semana, *as persoas pasan e vanse, as institucións permanecen e seguen, velaí a grandeza da democracia*; pois seguindo este lema a institución segue e a nosa obriga e traballar sempre de firme, recordándote sempre Pepín, pero sobre todo seguindo a túa labor, que é a nosa, a de traballar por Bergondo, mirando adiante. Grazas.

Seguidamente a Sra. alcaldesa, saúda un por un aos/ás sres./as. integrantes do Pleno municipal.

E non existindo máis asuntos que tratar, ás vintedúas horas e quince minutos, remátase a sesión, de orde da alcaldesa, redactándose a presente acta da que eu, a secretaria xeral, dou fe.

A secretaria

V. e Pr.:
A alcaldesa

M.^a de las Mercedes Fernández González

Alejandra Pérez Máquez